



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-saude/grao-optica-optometria



Grao en Optica e Optometría



www.usc.gal

Óptica e Optometría

O Grao en Óptica e Optometría busca formar profesionais capaces de prestaren unha atención sanitaria técnica e profesional axeitada, consonte ao estado de desenvolvemento dos coñecementos científicos, que poidan comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, comunidade e contexto social.

Tipo Presencial

Área Ciencias da Saúde

Centro Facultade de Óptica e Optometría
facultade.opticaeoptometria@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-saude/grao-optica-optometria

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 55

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos, conformados por 60 créditos de formación básica, 157.5 créditos obrigatorios e 22.5 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestionanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

O plan de estudos de Grao en Óptica e Optometría inclúe 15 créditos de prácticas tuteladas de carácter obrigatorio, encadrados na materia “Prácticas Tuteladas”, cuxa realización queda garantida polo convenio entre a USC e o Colexio Profesional de Ópticos - Optometristas de Galicia e outros que se promovan.

As Prácticas Tuteladas teñen como obxecto proporcionar ao alumno a posibilidade de aplicar os coñecementos adquiridos. Preténdese que o futuro óptico-optometrista se integre no ámbito profesional, preparándoo para realizar actividades ás que se van dedicar no seu futuro exercicio profesional.

Saídas Profesionais

A profesión de Óptico-Optometrista e unha Profesión Sanitaria de Atención Primaria, que se ocupa da realización de exames visuais e oculares, deseño, verificación e adaptación de sistemas ópticos, deseño e desenvolvemento de programas de adestramento visual. Todo iso dende o compromiso cos principios éticos e deontolóxicos da profesión de óptico-optometrista.

